


EL CASO MADOFF»

Editorial La Esfera de los Libros, 2009. Amir Weitmann


A partir dos testimonios das vítimas este libro mergúllase, sobre todo, na pregunta que se fai todo o mundo como puido Madoff estafar durante tanto tempo, en todo o mundo—incluso a algúns dos investidores máis competentes e intelixentes do planeta— e evitar os controis? Iste caso xa é o emblema criminal da globalización na súa cara máis escura. Amir Weitman, especialista en mercados financeiros e xestión de patrimonio e asesor de investimentos para un banco estranxeiro en Israel, tenta botar luz sobre o timo financeiro máis grande da historia: 65.000 millóns de dólares.



CLAVES DEL NUEVO MÁRketing»

Editorial Gestion2000, 2009. Varios autores


Hai seis meses lanzábase o ebook “Del 1.0 al 2.0. Claves para entender el nuevo marketing” e dende setemebro xa pode atoparse en librerías tras o éxito de descargas na rede. Un traballo realizado por 17 expertos online e que, para esta nova edición, revisouse completamente para actualizar exemplos e corrixir algúns erros. O libro repasa os cambios que está experimentando este márketing e achega solucións e ideas impresionables para aplicar este novo enfoque na empresa, explicando conceptos como a publicidade en internet, emailings, SEO, SEM, Redes de afiliados, Social Media ou Community manager.



PROHIBIDO QUEJARSE»

Editorial Empresa Activa, 2009. Jon Gordon

Nesta áxil e entretida historia baseada en feitos reais cóntase o caso dunha directora de Recursos Humanos que debe facer fronte no só a unha crise persoal, senón tamén á da súa empresa. Na procura dunha solución decátase de que existe un método en aparencia moi simple, pero moi efectivo. Utilizar a regra de que está “prohibido queixarse” a cal, xunto a outras similares, terán un sorprendente efecto na vida persoal da protagonista e no benestar da empresa. O consultor e conferenciante estadounidense Jon Gordon escribiu este libro pensando en todo aquel interesado en mudar o mal humor que reina na oficina.



PARA SALIR DE LA CRISIS GLOBAL»

Editorial Edaf, 2009. Ramón Tamames

Pouca presentación precisa o economista Ramón Tamames, conferenciante de prestixio, Doutor Honoris Causa por varias universidades e titular da Cátedra Jean Monnet da UE, o seu último traballo xa vai pola segunda edición. É un documento que achega propostas para saír do buraco financeiro para España e Latinoamérica con novos sistemas de regulamentación e supervisión na defensa dun modelo de desenvolvemento máis racional, ecuánime e sostible. Tamames pronúnciase sobre o recente naufraxio económico pero achegando respostas e posibles solucións. O libro ilústrase con multitude de gráficos que o fan moi didáctico.